

Amigas e amigos, Sr. Secretario da Real Academia Galega, Xavier Seoane e mais Miguelanxo Prado, poñentes desta primeira mesa coa que abrimos hoxe o V Encontro na Cidade da Coruña.

No desenvolvemento creativo de toda cultura sempre estiveron presentes as máis diversas formas de colaboración entre as artes e a literatura.

É intención desde a AELG facer unha aproximación a esta relación que, da man da literatura galega, as artes plásticas, o cinema, a música, tiveron e teñen na cultura galega, dentro dun mesmo contexto sociocultural como resposta a unha mesma realidade nun mesmo período temporal.

Ao longo de tres mesas redondas, compartidas por escritores, cineastas, deseñadores e compositores, falaremos das súa relación, das formas de comunicación ou de mutua influencia entre elas e dos froitos que finalmente resultan destas formas de colaboración ou tan só por ter compartido un mesmo tempo histórico.

As artes e a literatura

Busquei nas conversas entre Tàpies e José Ángel Valente para me aproximar a esta relación da arte e da literatura. Para enmarcar esta relación José Ángel Valente dínos:

Acontece que a materia orixinal sobre a que traballamos todos é a mesma. É esa materia na que un non sabe moi ben que vai a atopar, esa materia escura. De la cada un tira algo cos instrumentos de cada arte en particular.

Simonides xa no século VI antes de Cristo dínos que a pintura é poesía muda e a pintura poesía que fala.

Ou Giordano Bruno no século XVI que nos di que a verdadeira filosofía é tanto poesía como pintura, ou que a verdadeira pintura é tanto música como poesía.

Así quixemos achegarnos dende a AELG que, da mao de Xavier Seoane, poeta e un dos autores que máis ten investigado na linguaxe pictórica, e mais de Miguelanxo Prado que, procedente da pintura, é dos artistas plásticos que máis ten feito convivir a súa obra de creación coa obra literaria; a súa obra móvese nos territorios do gráfico e do literario. Eles achegarannos a esta relación tan fértil na súa mutua relación nutricia.

Xavier Seoane non só é un dos nosos grandes poetas cunha obra poética dende hai moitos anos xa consolidada e da que aínda está por chegar. Díxí Manuel María que cando tivo nas mans o poemario de Xavier *A caluga do paxaro* soubo que existía unha nova xeración que continuaría a súa, pois estaba nun momento no que só atopaba nos novos repetición e epigonismo da súa xeración.

Mais hoxe aquí é importante unha faceta especialmente significativa, e que dalgún xeito define a xeración dos oitenta na Coruña (tomando esta palabra como o tempo histórico compartido por uns escritores que coinciden nalgúns trazos, non necesariamente literarios): é o seu activismo cultural, que en Xavier se mostra dende *A Galga*, *Luzes de Galiza*, e que pasou a apoiar aos nosos pintores, sempre xeneroso, abrindo portas aos pintores e aos escritores para nos comunicarmos con eles e facer que a artes plásticas e os deseñadores tivesen cos escritores unha relación de vasos comunicantes vasos. E escribiu uns ensaios que eu creo que fixaron este pensamento.

A caluga do paxaro.
A canción do milenio
A voz dun tempo.
Luís Seoane: o criador total.
Ábrelle a porta ao mar.

Arca Cotidiana./Irispaxaros
Atravesar o espello.
Dársenas do ocaso.
Do ventre da cóbrega.
Don do horizonte: obra poética (1976-



1998).

Eu tamén oín as voces do orvallo
Filiberto e Sofonisba
Identidade e convulsión: Palavra e imaxe
da nova arte galega
Iniciación e regreso.
Manifesto Hai suficiente infinito (autoría
compartida con Antón Patiño).
Na póla branca.
O Canto da Terra
O presente continuo (a luz de outro
horizonte)

O sol de Homero: Unha defensa da
poesía.
Os bosques encendidos.
Para unha luz ausente.
Presencias: a saudade do corredor de
fondo
Regreso e advenimento.
Reto ou rendición.
Saudar a vida.
Umbral de vida.
Vagar de amor e sombra

Miguelanxo Prado. Indiscutidamente, o autor máis importante na historia da banda deseñada galega.

Comezou na pintura e a finais dos setenta iniciou a súa andaina no cómic, participando en 1979 na fundación do fanzine *Xofre*. Colaborou en revistas como *Creepy*, *Comix Internacional* e *Zona84*.

En 1985 publicou *Fragmentos da Enciclopedia Délfica*, o seu primeiro álbum en solitario, ao que seguiría *Stratos* en 1987.

Realizou para o magazine *El Jueves* a serie "Quotidiania Delirante" que duraría varios anos.

En 1990 publicou o seu álbum máis celebrado, *Trazo de xiz*, que obtivo repercusión internacional. Outros aclamados álbumes seus son *Stratos* ou *Tanxencias*.

Con guións alleos realizou bandas deseñadas como *Pedro e o lobo*, ou a serie *O manancial da noite*. Con todo, moi pouca da súa obra dispoñíbel en idiomas como castelán ou portugués pode conseguirse en galego, sendo unha destacada excepción o álbum *Páxina crepusculares*, editado en 1993 pola Deputación da Coruña e que contén historias curtas de orixes diversas.

Foi o creador do Xabarín da TVG e todos os personaxes da serie *Os vixilantes do Camiño*. Ese mesmo ano entrou a dirixir a revista sobre banda deseñada *Elipse*, editada pola Consellería de Cultura e da que só saíu un número.

Tamén desde 1998 dirixe o salón "Viñetas desde o Atlántico".

En 2003 viu a luz a súa colaboración co famoso guionista de Sandman, Neil Gaiman, no libro colectivo *Noites eternas*.

Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega